TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº24 · outubro - nadal 2013

1€

Neste número:

Balance do XI Encontro de Embarcacións Tradicionais

Evocacións: Federico o latoeiro

A depuración dos mestres de Outes (VI)

A outra xente de Outes: páxaros (II)

Rutas e camiños alternativos: Arzúa-Santiago

Saudegalizando: Polio e Síndrome Postpolio

Homenaxe a Os Airiños de San Campio

e as nosas seccións habituais

Entrevista a María del Carmen Calo Outón

Editorial:
Do ineficiente ao baldío

Preguntouse nalguha ocasión alguén sobre as graves consecuencias que no traxecto da estrada en Espiñeiro, concello de Outes, poden ter para os viandantes, vehículos e para os seus ocupantes aquelas árbores deitadas sobre a vía nun día de fortes refachos? Seguro, segurísimo que si! Somos moitas as persoas acoradas polo que poida acontecer nese treito.

A nai Natureza foi a causa do seu deitamento? De acordo. Mais a responsabilidade do que poida acontencer, de quen é? Pois da natureza, neste caso política, que refulxe pola ineficiencia daqueles que tan só actúan cando o irremediable xa non é remediable. Esta só é unha chamada de atención, unha constatación e un recordo. Un aviso de algo que pode trocarse en irreparable. Dende a consciencia da inviolabilidade da propiedade privada até a morte de alguén hai un longo treito no que calquera político ten que tomar decisións. Non se pretende poñer nomes. Tan só se procura unha decisión atinada e nada máis, pero axiña. Abondosas probas hai do que se está a dicir. Algunha inda moi recente e na mente de todos. Todas elas son lecciónes que os alumnos responsables e eficientes terían que coñecer para logo proceder en consecuencia. Non valen as escusas ou o pretexto para eludir unha obriga, porque os políticos teñen sempre como responsabilidade diaria a de coidar aos cidadáns que os manteñen. Esa é a súa e máis prioritaria responsabilidade, pola que ademais, reiteramos, se lles paga e os mantemos.

Continuando: Que é o baldío? Pois o inútil, o van, todo aquilo que carece de utilidade, eficacia e non se corresponde co fin para o que se concibiu. En dúas arterias, vías importantes de comunicación na Serra, hai instalados nas beirarrúas semáforos podecrendo por oxidación. Na consideración popular un semáforo é un aparello eléctrico que emite sinais luminosas destinadas a regula-lo tránsito de peóns e automóbiles. Alguén pode explicar que tráfico regulan estas esqueléticas instalacións que levan unha morea de anos sen funcionar? Velaí un claro exemplo do baldío e do acaído do titular do editorial. E neste tempo, cantos accidentes se produciron, algúns moi graves? Podíanse pór de manifesto máis probas deste baldío: as luminarias da ponte de Ceilán, as da rotonda situada ao seu remate… Para que continuar?

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páx. 4
Evocacións	páx. 5
Medioambiente	páx. 6
Roteiros	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Opinión	páx. 10
Cartas ao director	páx. 11
Miscelánea	páx. 12
Saudegalizando	páx. 13
Música	páxs. 14 e 15
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:
Xosé M. Vázquez
Consello de Redacción:
Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco
Edita:
A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com
Maqueta e imprime:
Grafinoia, S.L.
Foto da portada:
Inauguración da sucursal do Banco de La Coruña na Serra. Anos 50.

Fede erros:

A redacción desta revista, en nome da nosa asociación, quere notificar que cando se fixo constar a colaboración da "Coral Poeta Añón" no XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galiza 2013, celebrado no Freixo, debíase facer constar en realidade a "Asociación Cultural Poeta Añón".

Revista Subvencionada por:

CONCELLO DE OUTES

xoga á
LOTERÍA DO NADAL
con

TERRA DE OUTES

Adquire a túa participación do número

32.574

Na Serra en Café-Bar Tines, Cervexería O Anexo, Kiosko Vicente, Pizzería Areal, Cervexería Fraos e Librería Pimpiniño;
no Cruceiro en Café-Bar Alfil;
no Freixo en Marisquería Taboleiro;
e en Noia en Perruquería Emain e Estanco Maruxa.

XI Encontro de embarcacións tradicionais. Balance

Tal e como estaba previsto, os actos do XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia o Freixo-Outes acabaron o domingo 14 de xullo, pero o traballo para os voluntarios e organizadores continuou algún tempo máis; había que desmontar todo aquilo, devolver aos seus donos as cousas prestadas, carrexar pallets, recoller as cadeas fondeadas paras os atraques, pagar facturas... Aínda non puxemos a fin.

É momento de facer valoracións: desde Terra de Outes consideramos que o Encontro foi todo un éxito tanto pola organización como polo volume de actividades que se foi quen de integrar nesta festa de e pola cultura mariñeira. Non se quere dicir que non houbese fallos ou cousas que se poderían ter feito mellor; cando a cantidade de decisións a tomar é grande non se pode evitar meter o zoco nalgunha. Para facerse unha idea do tamaño recordemos os capítulos ou temas nos que clasificamos as actividades: *Navegación, Carpa Mariñeira, Aloxamento Mariñeiro, Xornadas Técnicas, Obradoiros e Mostras, Artesanía, Exposicións, Poesía, Roteiros e visitas guiadas, Enredos Infantís, Música*, *Homenaxe aos Carpinteiros de Ribeira e Conmemoración dos 20 anos de Encontros, Turismo Mariñeiro.*

En canto á organización, ademais do Comité Organizador (FGCMF, Terra de Outes e Concello de Outes) constituíronse as seguintes comisións: *Acitvidades Marítimas, Loxística en Terra, Actividades Culturais, Xornadas Técnico-Científicas, Obradoiros, Voluntariado, De comunicación e Protocolo.* Aínda que hai que atribuír a todo o colectivo que as cousas saíran tan ben, cómpre sinalar o magnífico labor realizado polo voluntariado, tanto no número de horas de traballo que cada un adicou como pola capacidade que demostraron de facer ben as tarefas que tiñan encomendadas, mellorando en moitas ocasión coa súa iniciativa as propostas iniciais dos organizadores. Áparte dos voluntarios propiamente ditos, é dicir, os que que figuran na listaxe da comisión do voluntariado, houbo outros particulares e colectivos sen os cales o lustre do Encontro tería mermado notablemente. Referímonos ás distintas asociación do noso concello, aos artistas (músicos, pintores, poetas, escritores...), estaleiros, mariñeiros e talleres do Freixo. Terra de Outes agradece a todos a colaboración. Non podemos esquecer aos verdadeiros protagonistas dos Encontros: as tripulacións das embarcacións, os homes e mulleres que compoñen as asociacións que integran a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, e as asociacións non galegas que acudiron como invitadas ao Encontro, que coa súa presenza, nalgúns casos a custo dun gran esforzo, engalanaron por uns días a xa fermosa paisaxe da nosa ría e permitiron aos visitantes gozar do pracer de navegar por ela.

Esperamos que o Encontro anime a que Outes cree unha asociación propia de defensa e conservación do patrimonio e cultura mariñeira. Hai razóns para dar este paso: as magníficas condicións de atraque deste tipo de embarcacións que ofrece o porto do Freixo, a vinculación tanto no pasado como agora mesmo do concello coa carpintería de ribeira, o número de persoas directa ou indirectamente relacionadas co mundo do mar (fundamentalmente coa actividade marisqueira)... A primeira tarefa desta futura asociación debería ser a recuperación dalgunha embarcación, por exemplo dun Sancosmeiro. A intención manifestada pola Consellería de Cultura de declarar a Carpintería de Ribeira Ben de Interese Cultural ofrece ao noso concello unha boa ocasión para xogar un papel relevante cando se desenvolva este proxecto, sen esquecer a posibilidade de organizar periodicamente actividades relacionadas coa cultura marítima. O dito: ánimo a todos/as para implicarse nesta nova singradura, que o remate do Encontro non sexa a fin senón o principio desta travesía mariñeira e que teñamos bos ventos!

A depuración dos mestres de Outes (VI): Filomena Pena Castro, mestra de San Cosme de Outeiro

Xoán Fco. García Suárez

Debo recoñecer que cando iniciei a publicación desta serie debín pórlle o título de *Adepuración dos mestres e mestras de Outes*, tal e como fago a partir de agora (e pido desculpas), pois o réxime franquista tampouco distinguía de sexos á hora de castigar aos non afectos.

Efectivamente, no noso concello tamén houbo varias mulleres mestras que sufriron a implacable persecución dos fascistas. Este é o caso de Filomena Pena Castro, natural de Santiago, e que exerceu en Sabardes desde 1933 a 1934 para logo pasar á escola de San Cosme. Nos consabidos informes que solicitaban as "forzas vivas" da parroquia e do Concello, aparece en primeiro lugar (11 de setembro de 1936) o redactado polo párroco de Sabardes, Hipólito Nogueira, quen certifica que a súa conduta era boa e nunca se metera en política. Nos mesmos termos se manifestan nada menos que uns 110 veciños e veciñas de San Cosme en dous escritos redactados a máquina tamén en data de 11 de setembro dese ano; incluso fan constar que nas últimas eleccións a mestra non puido votar dado que non aparecía no censo electoral. Non deixa de ser significativo o masivo apoio da parroquia a esta profesora.

No entanto aparece o primeiro informe que a inculpa no mes de outubro, da man do oficial de Secretería da Delegación Militar da Coruña, Fernando Pérez, quen afirma que é de afiliación esquerdista e fixo propaganda a favor do Frente Popular, escrito este dirixido ao reitor da Universidade de Santiago. Tamén o Inspector de Primeira Ensinanza de A Coruña emite certificado no que constan estas "acusa-cións". Filomena Pena Castro fora suspendida por seis meses de emprego e soldo de xeito imediato semanas despois do 18 de xullo. A mestra solicita o levantamento da sanción en escrito de data de 12 de decembro de 1936, no que nega as acusacións e aporta como proba os informes dos veciños e do párroco. Outro cura, o de San Xoán de Róo, José Buesas y Lois, asina un escrito de 4 de xaneiro de 1937 no que manifesta a súa boa conduta e nega as acusacións que se lle fan.

Quen non defende á profesora é o alcalde Juan Benito Tuñas Paz, quen, se ben recoñece a boa conduta social e profesional, si fai constar as simpatías desta muller pola ideoloxía de esquerdas e incluso afirma que fixo propaganda nas eleccións. O veciño de San Cosme José Barreiro, en calidade de "pai de familia", informa defendendo á profesora. Tamén, e de xeito sorprendente, o garda Civil Manuel Morgado informa da mestra exculpándoa das acusacións que se lle imputan. Pero, por fin, aparece a clave que responde á pregunta de por que se teima no castigo a esta muller, sobre a que a maioría dos informes –exceptuando o do alcalde–, e cun altísimo recoñecemento social por parte dos veciños, son de adhesión. Pois certamente é un feito un pouco confuso, pero tentando aclaralo pode resultar moi significativo e que ilustraría perfectamente os mecanismos que se empregaban para que o réxime cumprise o seu obxectivo; fíxense: en marzo de 1937 o cura de San Cosme é requirido pola Comisión Depuradora para "ampliar" o seu informe (supostamente existiría un informe previo que non aparece no expediente). E efectivamente, aparece un novo informe asinado por un tal Jesús Lois (aquí é onde pode prestarse á confusión pola coincidencia no segundo apelido co cura de Róo), en calidade de párroco de San Cosme, quen afirma que como este participara como *"apoderado de las derechas"* nas eleccións de 1936 e membro da mesa electoral, puido observar a Filomena, *"acompañada de su marido y otros destacados izquierditas, quienes no podian ocultar su satisfacción"* (pola vitoria do Frente Popular). Así, en 2 de xuño de 1937, a Comisión Depuradora extende prego de cargos contra Filomena Pena Castro, acusándoa de facer propaganda do Frente Popular e de manifestar a súa satisfacción polo "*supuesto triunfo de las izquierdas*". O novo alcalde Joaquín Castro remite un documento exculpando á mestra das acusacións, en petición da propia sancionada (11 de xuño de 1937). Ela mesma redacta un novo escrito un día despois negando as imputacións. O caso desta mestra demostra a teimuda persecución que se executaba desde as instancias franquistas, e como proba disto, resulta que nada menos que o Presidente da Comisión Depuradora de A Coruña, Enrique Montenegro, e un vogal deste organismo, Antonio Chaos Losada, fan constar por escrito que ambos os dous chegaron a viaxar a San Cosme a entrevistarse co párroco para *"adarar algunas dudas"* e *"a pesar de los informes"*. Aínda así, neste escrito só poden aclarar que Filomena Pena manifestou a súa satisfacción o día das eleccións. Finalmente a sanción é levantada en data de 10 de setembro de 1937, saíndo publicada a resolución gobernativa no BOE de 2 de novembro de 1937. Iso si, sen dereito a recuperar os salarios deixados de percibir (máis dun ano). Como se ve, incluso un simple sorriso de satisfacción podía ser motivo de castigo. Como curiosidade, quédanos dicir que esta mestra foi obxecto de homenaxe por ex-alumnas súas o 7 de outubro de 2000 (tiña 83 anos) no colexio de Róo, no cal se inaugurou unha aula de música que leva o seu nome. Por certo, alguén debería preocuparse de cambiarlle xa o nome a este centro. Ningún colexio nin centro público, e moito menos de ensino, debería recordar a personaxes do franquismo como Emilio Navasqüés, colaboradores dun réxime tamén represor precisamente dos/as profesionais do maxisterio.

Federico. O popular "Felderico"

Mingucho Campos

"Trala roda", dixo un día Manuel Rivas que esa era a contestación de máis lóxica, máis ca de chiste, para xustifica-la chegada dos afiadores, coa súa propia xerga, o barallete, a Manhattan ou a Nova Zelanda. E sen dúbida razón non lle falta. Mais, pódese entender e explicar aquela profesión nómade polo rural galego sen menciona-la falta de recursos, a fame e o frío daqueles tempos; en resumo, a pobreza e a miseria?

O esperto retratista, Manuel García García (Pilla) nado en marzo de 1937 en Liñaio-Negreira, mais afincado na Serra, onde principiou a súa actividade como fotógrafo no ano 1966, foi quen de captar, inda así (1970), a ledicia daquela familia, as sorrintes facianas dos tres (pai, nai e fillo) en perfecta pose para seren retratados. Na instantánea só se bota a falta-la ausencia do famento e esquelético cuzo, compañeiro inseparable da comitiva. Descoñezo se xa non existía, ou andaba á procura dunha mantenza máis acaida cás faíscas que saían do ir e vir da roda do afiador.

Chegou o afiador!! Amólanse coitelos, fouciños e navallas!! O afiador-paraugueiro!! Remáchanse potas, fontes e tixolas!! Chegou o afiador!!

Con esta invariable cantilena acudía Federico puntual os días de feira e feirón á Serra, acompañado da súa dona, a Morocha, do seu fillo, Manolo, e do inseparable cadelo, situándose sempre á beira da taberna e casa de comidas do "Coxo da Marela", solar que hoxe ocupa o inmoble do BBVA na Rúa da Vila.

Federico tiña chegado de arribada, sempre detrás da roda, ás bocarribeiras do Tambre pertencentes á parroquia de Cando procedente, como todo bo afiador, das terras de Ourense. Aquí coñece a súa primeira esposa. Finada esta, casa coa segunda, a Morocha, que lle vai dar o único fillo coñecido, Manolo, casado na actualidade en Muros. A Morocha era natural de Detrás da Agra, pequeño núcleo aldeán situado entre Vilardigo e A Corga. A casiña fica inda alí en pé, cos correspondentes amaños, como testemuño vivo da existencia deste personaxe costumista da época da miseria e da fame.

Chegou o afiador!! Amólanse coitelos, fouciños e navallas!! O afiador-paraugueiro!! Remáchanse potas, fontes e tixolas!! Chegou o afiador!! O afiador vai aló, a Morocha tamén. Tan só fican na memoria desta terra de Outes os recordos da nenez e da infancia: Federico da Corga e a súa familia.

Optica OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - **Tlf. 981 82 42 60**

NOIA

A outra xente de Outes. Paxaros: elegantes, coloridos e ruidosos (II)

Paz González

O xirín, o pimpín e o verderolo pertencen á mesma familia, os Frinxílidos, que abrangue unha serie de paxaros granívoros que teñen no peteiro uns sucos especiais para abrir as sementes. O xirín (foto 1), parente do canario, é o máis pequeno (duns 11,5 cm e entre 9 e 14 g de peso), é gordecho, de cor amarela moi viva nos machos e algo máis acastañado nas femias e xuvenís. O verderolo (foto 2) é máis grande, mide entre 14 e 16 cm de lonxitude e pesa entre 25 e 34 g. A súa característica máis rechamante, como reflicten os seus nomes (*C. chloris,* verderolo e verderón, en castelán) é a súa cor verde oliva, rompida unicamente polo amarelo dourado das ás e a beira do rabo. Como en moitos paxaros, as femias e os exemplares novos son menos brillantes e teñen tons castaños no lombo. O pimpín ou cuncheira (foto 3) é de tamaño similar ao verderolo. Os machos teñen a parte superior da cabeza e a caluga de cor gris azulada e a parte inferior do corpo castaña avermellada, as femias son máis apagadas pero presentan coma os machos dúas bandas brancas moi rechamantes nas ás e a raíz do rabo de cor verdosa.

O chasco e o paporrubio pertencen á familia dos túrdidos, que inclúe tamén os coñecidos merlos e os tordos. O chasco (ver revista *Terra de Outes* nº 22), duns 12,5 cm e 14 a 17 g, ten o peito

Verderolo

Pimpín

Xirín

laranxa que vai tornando a branco no ventre e a cabeza escura, nos machos negra, nas femias e xuvenís máis clara, cun semianel banco. O nome galego fai referencia a que emite un son parecido ao estalo que producen dúas pedras ao batérense. O paporrubio (*Terra de Outes* nº 22), un pouco máis grande e repoludo que o chasco, ten a cara e o peito de cor vermella alaranxada, característica escollida para darlle nome (*E. rubecula,* paporrubio e petirrojo, en castelán). Nesta especie non hai dimorfismo sexual, machos e femias son similares, aínda que si hai diferenzas cos exemplares novos, de cor castaña dourada pintada.

Finalmente, o ferreiriño abelleiro (*Terra de Outes* nº 22) é un párido, unha familia de paxaros áxiles, arbóreos e que se alimentan de insectos e algunhas sementes, para o que teñen un peteiro un pouco máis robusto que os anteriores. É o párido de maior tamaño, duns 14 cm e entre 16 e 21 g, feito ao que fai referencia o seu nome científico (*P. major*). Son moi vistosos, coa súa cabeza negra, salvo as meixelas, o dorso verdoso e o peito e ventre amarelos adornados cunha garavata negra. Tampouco teñen dimorfismo sexual e os xuvenís son moi semellantes aos adultos.

Estas breves descricións, que se poden completar consultando unha guía de aves, e as fotos que as acompañan, son suficientes para recoñecer estes abundantes paxariños, pois todos eles presentan unhas características distintivas moi claras. Espero que sirvan tanto a quen non reparara neles aínda, como a quen xa os coñecía: aos primeiros a que poidan buscalos e identificalos cando saian ao campo e a todos a que aprendan a miralos como o froito das numerosísimas interaccións que se xeran no seo dos ecosistemas.

Rutas e camiños alternativos: Arzúa-Santiago (40kms.)

Xastre

Na primavera pasada, concretamente o 4 de maio, os partes do Meteosat acertaron. O bo día estaba garantizado, pero había que esperar unhas horiñas pois aínda estaba na casa. Con puntualidade británica Juan "Américo", acompañado de Cruz, oriúnda do Freixo e con media vida en London, como lóstregos na oscuridade fixémonos coa compaña de outro dos ruteiros ben coñecido por todos, Manolo "Pelucas", que coa súa forma natural nos fai sempre tan amenos os kms. a roer nas nosas andainas. Dito e feito. Enfilando cara terras de "Jacobus", xa fomos charlando entre bocexos e risiñas, pois as 6 da mañá son as 6 da mañá. Xa cos trinta minutos seguintes debalados, tiñamos aparcado fronte á Xunta. Tras un breve paseíño xa nos encontramos os sete magníficos (Lolo, Manu, Juan, Pelucas, Cruz, Hermi (a outra fémina) e mais eu no andén da Estación de Autobuses para coller direccción a unha Arzúa queixeira que nos acollerá entre cafés e cruasáns arredor das 7,40 h. Ás 8:15 emprendemos o retorno polo camiño Francés cara a Compostela. O frío, a pesar do ceo azul facíase sentir nas mans xa case adormecidas, a excepción de algún que xa pensara nese detalliño. Apaisaxe de cor verde "carballeira" era relaxante, o chan de terra agradecido e a tranquilidade rural interrompida adrede por ruteiros anónimos (Japan, Deutsch, equinos, bicicletas...) eran perfectamente asumidas polo nivel de consciencia do momento. O camiño fíxose moi ameno, tanto pola compañía, as risotadas entre nós, e a boa vontade dos camiñantes de longo percorrido cos que topamos polas localidades de As Barrosas, Preguntoño, e cruzada a N-547 por A Peroxa, Calzada, último núcleo habitado do Concello de Arzúa, para de seguido pasarmos o do Pino. Irán aparecendo como contagotas, poboacións como Calle, Boavista ou Salceda. Tras outro cruce da Nacional daremos con A Brea, Ras, O Empalme, A Rúa, o Pedrouzo, onde a estas alturas xa temos debullada a metade do traxecto, uns 19 kms. Sen sobresaltos. Arredor das dúas da tarde apercibimos un pinar acolledor para xantar que dalgunha maneira nos invitaba a facer un alto máis no camiño; xa era a terceira parada, pois a cousa ía con moita calma. Entretanto fomos vítimas casuais de algún que outro peregrino nipón que nos sacou máis dunha foto como símbolo idenditario da idiosincrasia local (rural). Tras a inxesta retomamos os pasos cara Amenal, Cimadevila, e de súpeto como que non quere a cousa, estabamos bordeando o Aeroporto, dirección San Paio e Lavacolla, para enfrontarmos o ascenso (iso sí: de asfalto e pouca sombra) do Monte do Gozo. Pasados os edificios de TVG, RTVE, ou o Camping... chegamos á Capela de San Marcos, onde se encontra o monumento ao Peregrino. Un pequeno receso, unhas fotiños e de novo no camiño, pois só nos separaban 4,7 kms. da Praza do Obradoiro, aínda que a esas alturas e co Sol dándonos nos ollos parecían máis ben 47. Pasiño a pasiño chegamos á meta coñecida dende tempos pretéritos, arredor das 6,30 da tarde e despois de máis fotos e unhas cervexiñas frías, departimos en afable camaradería, máis propia dos que acaban de poñer unha pica en Flandes. Entre risiñas oíuse un susurro feble... misión cumprida Gran Capitán.

Salón:
EMAIN
Perruqueiros
Home-Muller
Rúa Brasil, 8 (Baixo)
Tel. 981 82 40 14
15200 NOIA (A Coruña)
Correo electrónico: emainsalon@mixmail.com

Os productos elaborados

Que tipo de productos se facían antes?
A xeito de anécdota teño que contar que a xente da miña xeración e anteriores que vive aquí ou emigrou a Europa e América nos anos posteriores ao 36 lembra un costume que tiña miña avoa, Hermitas, e que despois continuou a miña nai que consistía en agasallar aos nenos que acompañaban ás súas nais cunha boliña. A min emocióname moito escoltar que a xente teña tan bo recordo delas e lembren a súa sensibilidade. Estamos a falar dos tempos difíciles da supervivencia, nos que o pan era un ben moi preciado. Non como hoxe, que estamos cansos de todo.

Que pensas do abandono do pan na dieta alimenticia?
Existe, polo que recomendan os médicos na maioría dos casos e por tratarse dunha poboación avellentada, a lenda de que o pan é un alimento prexudicial para a saúde. Sen embargo na pirámide alimentaria elaborada por prestigiosos científicos considérase básico, xunto coas verduras e legumes. 150 gr constitúe o básico recomendado. Hai quen rexeita isto e, pola contra, recomendan algo envasado cunha serie de graxas e conservantes. Segundo algúns parece ser que o pan fabricado de xeito tradicional e a diario é máis danino có que fabrican as grandes empresas. Este tipo de lenda foi un duro golpe para as panaderías artesanais e supuxo unha perda na produción. En Francia, por exemplo, "a panadería" está considerada na Lexislación como o establemento onde se fabrica o pan, pero o resto dos comercios, superficies etc. onde se vende, non. Isto non pasa no noso concello, no que as sete panaderías existentes temos todas fabricación diaria e propia.

Finalmente, que tipo de productos elaborades agora?
A nosa produción baséase na fabricación de pans variados con fariñas procedentes de Castela, Aragón e do país, centeo, etc, etc. Dispomos dun amplo surtido de pastas, e bolería en xeral. Ademais, unha pastelería variada con case todo tipo de tartas. Con tódolos nosos produtos competimos con calquera panadería dunha gran cidade. Hai clientes que nos din que temos unha vitrina que nin en Madrid a hai.

Entrevista a María del Carmen Calo Outó

Dende a nenez todos os veciños da Serra lembran na Rúa da Cruz tres establecementos comerciais adicados ao servizo e abastecemento de produtos tan básicos, como o pan, á veciñanza do concello e, en especial, aos residentes no núcleo da Serra de Outes e á súa contorna. Subindo a Rúa da Vila, embocando a Rúa da Cruz, atopábase pola banda esquerda a Panadería de Francisquiño, máis adiante a do Maniolo. Pola dereita achábase o establecemento comercial A Panadería-Pastelaría Outón, popularmente coñecida como "A Panadería de Galdrán" que imos facer protagonista e eixo central desta aportación ao coñecemento da historia de Outes, en particular da súa capitalidade: A Serra.

Coa finalidade de dispór da más acaída información ao respecto entrevistamos a María del Carmen Calo Outón, actual titular-propietaria do establecemento.

Como comezou o negocio?
O meu bisavó, Domingo Muíños, procedía de Ponte Caldelas, era un mestre canteiro que chegou á Serra de Outes coa finalidade de repara-la igrexa parroquial de Outes (S. Pedro). Era un home activo e emprendedor, "un buscavidas". Construíu un aserradoiro en Vistalegre, foi o mestre canteiro responsable da construción da casa ubicada na Rúa da Vila, coñecida como a casa de Segundita Pose. No entremedias casou cunha señora de Carleo e xuntos decidiron construír unha casa de comidas na Rúa da Cruz, que rematou sendo tamén panadería no ano 1905, data da fundación. Tiñeron dous fillos: Domingo e Hermitas, a miña avoa.

Pero, de onde provén o nome popular de "Panadería Galdrán"?
No primeiro a casa foi coñecida como a casa de Muíños. Mais a avoa, Hermitas, casou con Manuel, un Galdrán que vivía nunha casa situada no cruce da Rúa da Cruz, ao pé do cruceiro inda hoxe existente. Penso que por ser da Serra e máis coñecido de aí provén o nome de "Panadería de Galdrán". Temos que ter sempre presente que daquela viviamos nunha sociedade diferente á actual.

E os teus avós seguen coa tradición familiar.
Si, os avós seguen coa tradición familiar, pero eran tempos difíciles de recursos escasos e había que atender a cinco fillos: Claudino Juan, Angelita, Carmen e Manolo. Era preciso estrulla-los miolos e procurar saídas á do pan, sobre todo cando nos fogares se cocía a famosa boroa e o

ón

consumo do pan estaba restrinxido para a celebración de festas e demais reunións familiares importantes.

Cóntanos algunha destas anécdotas.
Claudino, por exemplo, facía intercambio de pan por ovos, que logo meu avó levaba a vender a Noia en burro e despois en cabalo; un cabalo que tiña memorizados os sitios nos que debía deterse. Miña tía Angelita e mamá saían tódolos días cara S. Cosme, Róo e o Freixo cun cesto na cabeza ou en burro e traían ovos, que tamén ían ser comercializados.

Aqueles tempos eran máis de intercambio de produtos que de pagamentos en metálico?
No noso establecemento comprábanse fabas e había ultramarinos. A xente pagaba deste xeito, en compensación, o pouco pan que levaba e os outros produtos necesarios para o fogar e a mantenza dos fillos. Por exemplo: 250 gr de arroz, 50 gr de café, un cuartillo de aceite. As familias tiñan que apañarse como podían. Eran os tempos das pescas con molido e cestas na cabeza que nos surtían de peixe e levaban en troco, millo, ovos, boroa… Todo se facía a base de esforzo e sacrificio. Moito sacrificio e por moitos. Un exemplo pode ser que os "Muíños de Galdrán" construíronos meus avós. Eran imprescindibles para moer o gran e proseguir coa tradición familiar de panadeiros.

Túa nai, Carmen, casa con José Calo, da Rasa, herda a panadería e o establecemento sofre unha transformación.
Si. Os tempos van variando e a vida dos negocios tamén, Os que dispoñen de establecementos de servizo ao público teñen, sen dúbida, que adaptarse ás demandas dos seus siareiros. Prodúcense melloras na elaboración dos produtos, da maquinaria, diversificación de ofertas e tamén xeitos diferentes de traballar. Recórrese á xente de fóra para o traballo cotián, mais tamén hai algún accidente que disgusta. Pero a vida sempre ten que continuar e continúa. Cando miña nai vai xa maior fágome cargo eu mesma do negocio.

Fálanos un pouco da vida familiar desa etapa, porque este é tamén un aspecto moi importante.
A familia era bastante numerosa (meu tío Claudino, por exemplo tivo seis fillos). Os que conviviamos na casa da panadería eramos tamén dez, contando con meus avós e tíos. Iso sen contar con algún empregado, que era considerado como da casa. Meus pais quixeron darnos estudos e ao meu irmán Chicho levárono a Peleteiro, Paco foi ao Instituto e eu ás Trinitarias.

Actualidade

A Panadería Outón é un establecemento emblemático, recoñecido e valorado pola xente que se achega á Serra ano tras ano a visitarnos da bisbarra e de fóra dela. Cómo é actualmente o labor diario do establecemento?
Aubicación é a mesma, no nº 6 da Rúa da Cruz de A Serra de Outes. É rexentada polo meu fillo Manolo. Sen el sería hoxe en día imposible continuar coa actividade. Manolo inda que é Licenciado en Xeografía e Historia optou por seguir coa tradición familiar. Formouse asistindo a cursos en Barcelona, París, León, Valencia, Londres, etc. adquirindo unha sólida formación que lle permitiu cambiar formas e tecnoloxía para adaptalas aos tempos que corren. Tamén aprende da súa avoa, coa que facía un gran tándem. Mesmo se unían e facíanme fronte, pois eu pensaba de xeito distinto. Seguramente eu valoraba máis o tempo empregado e a miña nai non; tiña moita paciencia e iso, os xeitos, formas e o bo facer herdounos o meu fillo. A min dicíame miña nai: "Ti sempre cos números na cabeza". Eu penso que son máis de xestión que panadeira.

Traballa moita xente na panadería?
Na empresa colaboran dezasete persoas, todas cualificadas e responsables. Sen elas sería imposible proseguir con esta tarefa. Loitan a cotío por superar este reto e a elas mesmas. Hai que salientar que cando en Galicia pecharon o 30% das panaderías tradicionais a nosa segue a resistirse.

E ata onde chegan os seus productos?
Na actualidade o labor diario desta empresa está baseado na distribución dos produtos elaborados por persoal moi experimentado. Contamos con cinco furgonetas que chegan tódolos días a distintos puntos do concello e de fóra. Igual sucede coas tendas de A Coruña e de Portosín. Por exemplo, Noia, Muros e Rianxo poden perfectamente degusta-los nosos produtos. Tentamos e tentaremos sempre que as nosas elaboracións sexan a base dos produtos de mercado máis recoñecidos.

Unha de cafresperina

O mundo anda máis que revolto, e neste mar de "lingüiñas fáciles e gratuítas" non hai que botar man dos periódicos pois xa os temos, como "lamparillas fluorescentes" que alumían na escuridade, máis preto do que pensamos; si, si, eses que comentan e convencen a catro pardillos dicindo que o BNG, ou os bloqueiros levaban a organización dos catro días de encontros. (Pobriños lambe filloas.) En fin... hai xente á que todo lle parece mal, por suposto eles faríano mil veces mil mellor… é inevitable. Son dos que non ven o "fumeiro" no seu propio ollo… Coa mesma, vimos de realizar con bon acerto, pese a quen lle pese, os últimos Encontros no Freixo, e das voltas que un deu todos eses días, viuse de todo. O voluntariado, "chapó", tanta xente nova cooperando a reo sen máis que a boa vontade de participar e deixar o seu esforzo nun fin común e colectivo. A organización, pese os distintos retos diarios nos que se vía metida, "chapó", pois que nós saibamos, as comidas e ceas foron á súa hora establecida no programa, as actuacións musicas puntuais -e profesionais-, as saídas dos barcos o mesmo. Así que... Os bares e hoteliños non se poderán queixar, aínda que a algúns o traballo parecía estresalos, sentados á bartola nas horas de máis apuro; será falta de costume ou efecto de señoritadas polas compañías, pero pese a algún que outro detalliño, ben, "aceptable". Eles tamén nos manifestaron a satisfacción. No referente ao Concello, á parte da aportación monetaria, e algúns que outros servizos, pois deixarémolo en "politicamente correcto". Eses pequenos detalliños aos que nos referimos... eles saberán. Os tripulantes, encanta-dores e correctos en todo momento, con ese "toquiño" implícito da festa, ese ambiente relaxado, participativo, incrementado ao longo dos días e noites, e así o manifestaron, pola súa ledicia, na despedida. Os lugareños e contorna, pois tamén que dicir, "ben", como non podería ser doutra maneira, salvo algún que outro aproveitado, pois pensarían que era a "festa dos vellos", con todos os nosos respectos para eles, ademais de outros episodios nimios de xentiña que vai de moita cousa por esta vida chea de pobreza, obediencia e tataratá, pero que os feitos de palabra e obra redúcennos a outras moi distintas e non tan "elitistas", querendo ser finos. A todos os que participaron de algunha e outra forma, o noso máis sincero agradecemento.

Lusco e Fusco

ASÍ SI

Correcto (non foi sen tempo), pero para cando aproveitar o que nos an os "viraventos"? Por riba de cambiarnos a paisaxe… rendemento cero.

ASÍ NON

Só pedir un mínimo respecto por nós mesmos e polo medio ambiente.

ASÍ TAMPOUCO

Solares a bravo no casco urbano, coas silveiras "comendo a xente". Parece que vivimos nunha desidia institucional caótica.

FOTO DENUNCIA

"Boas! Achégovos dúas fotos por se podedes incluílas como denuncia no vindeiro número. Piñeiro (San Orente): nunha delas aínda pode verse que alí se invertiron cartos nun parque / pista polideportiva. Na outra non se ve nada pero podo garantir que xusto aí, detrás das xestas e das silvas, está a entrada ao parque. Saúdos!"

Roberto Antelo Insua

Así está, en Trascambra (estrada de Pazos ao Rego, para quen non sexa de Entíns), desafiando a lei da gravidade desde hai máis de dous anos. Tamaña ousadía non debía ser consentida. Propoño que o Concello multe a esa insolente farola, non pola súa ameazante posición, senón polo seu empeño en burlarse do insigne D. Isaac Newton.

Xan Perillán

CARTA AO DIRECTOR

TODO CANSA

Para nada quererría ser groseira pero a paciencia ten o seu límite e levo toda unha semana para ir ao caixeiro, xa que polo horario do meu traballo coincídeme por aquí e non teño outra, pois anda avariado: un día que se o papel, que se o lector, que se non hai billetes de menos de 50, que non sei que!! Pero que nos queren tomar, o pelo? Que pasa que os bancarios, co xefe á fronte, non teñen idea de que falta papel, ou billetes máis pequenos ca os de 50, ou que o lector de tarxetas non vai... Andan tan liados os dous ou tres de turno que non se decatan; pois no día de autos unha tivo que ir sacar cartos a un banco alleo e largáronlle mínimo 3 euros, e por que?, pois porque o seu banco de toda a vida ten uns empregados que só miran o reloxio para a hora do piti-coffe, e o cacharro nas noites de ledicia e ao cliente que pague comisións de mantemento... Pero o cliente acaba por cansar e como cansa, colle ao día seguinte e cambia de banco co moito ou pouco que teña, e dille cun xogo de dediños: arrivederchi!! Falangillas de turno cambiado e privilexios de antano. Tiñan que estar noutras empresas e xa verían o que é traballar de verdade. En confianza, poucas veces nos decatamos, con nome e apelidos, amigos, coñecidos, da repercusión de actos político-económicos, globais por así dicilo, na vida dos cidadáns. Falamos das fusión dos bancos, das caixas, da xentiña que cría ter o seu posto de traballo para toda a súa vida e familia, e de repente todo se volve gris cinza, e vai para negro. Séntense con todo no aire, a firmeza nos pés que pisaban, agora son como areas movedizas, "unos hilillos de plastilina", como dicía aquel humorista... Ou non era humorista?, pois facer facíao ben, chachi piruli , para ser un tío!! En fin, só quero chamar a atención nestas liñas que a todos nos mosquean, alleos ou nativos, dun concello ou doutro, xa falemos dos caixeiros, ou dos cada vez máis puntos de lixo nos camiños, o lado das estradas, pegadas ás casas… e vémolo todo tan normal. Non hai conciencia; é o que lle queremos ensinar aos nosos fillos...? E volve a tristura ás nosas vidas, pero hai que buscar onde non hai, e ter esperanzas nun futuro que a primeira vista non convence, pero que virá, e cando o teñamos diante de nós, o semblante será outro. Iso si, non esperemos milagres e abundancia como hai dez anos, pois por aí vamos de cu. Ideas novas para tempos novos, ilusións novas, novos retos que asumir, pois non todo está perdido por moi gris que o vexamos; pois co esforzo de todos, de uns máis que de outros, sairemos cara esa luz esperanzadora, abandonaremos o túnel de desespranza no que estamos ben atrancados e sometidos polas políticas de austeridade xermanas e europeas do "dichoso euriño " que nos fundeu na miseria e nos fixo botar de menos a "rubia" dos nosos pesares. En fin, non hai que ser derrotistas aínda que as cifras son as que mandan, chegará un momento en que todos estes sensabores quedarán atrás, na memoria colectiva; iso si, esperemos que para aprender algo dela e así evitar volver sentir as súas afiladas uñas. Confiemos no ser humano. Como muller así o sinto.

Sonia Hervella

GASTRONOMÍA

CASTAÑA CONFEITADA
(Marron glace)

Ingredientes:

- 500 gr de castaña de boa calidade
- Auga para quitar a tona
- 2 vasos de auga
- 2 vasos de azucre
- 3 estrelas de anís
- 1 rama de canela
- A tona dun limón

Preparación:

O primeiriño, hai que quitar a pel de fóra das castañas, para iso facémoslles un pequeno corte e a modiño, sen danar o interior, imos estonándoas. Enchemos unha ola con auga e cando rompe a ferver poñemos as castañas dentro 5 minutos, sacámolas sobre un lenzo e principiamos a retirar, con sumo coidado para non rompelas, toda a toniña interior que as cobre. Farémolo co cabo dun coitelo puntiagudo para limpalas ben. Logo, nun cazo amplo, isto é importante, poñemos os dous vasos de auga, o azucre, a canela, a pel do limón e o anís. Cando estea todo mesturado, ben disolto e case a ferver, engadimos paseniño as castañas. Apartir deste momento non as imos tocar, axudarémonos para remexer das asas da pota. Daquela, deixamos ferver todo ao mínimo por espazo de 30 minutos, retiramos e deixamos arrefriar completamente. Volvémolas levar ao lume, poñémolas de volta a ferver durante 5 minutos e novamente retiramos. Repetiremos este proceso até 8 veces, non é difícil mais leva moito tempo.Unha vez frías as castañas pousámolas con esmero sobre a bandexa do forno previamente quentado, deixámolas secar a 150º máis ou menos media hora. Deste modo adquiren esa textura glaseada e branca que as caracteriza. Outra opción é envolvelas en azucre glace e acurtar o tempo de forno. Cando enfríen… listas para comer!!

M.C.G.

LECTURAS RECOMENDADAS

FANECA BRAVA



MANUEL PORTAS XERAIS (narrativa)-2013

Manuel Portas sitúanos na metade do franquis-mo para contar a historia de "Faneca Brava", Concha Pereira. O libro comeza coa construción da saga familiar que está asentada nunha vila de Arousa. Concha sofre na súa adolescencia un episodio noxento e delitivo, que a familia oculta chegando a facer que a existencia de Faneca Brava caia no esquecemento. Durante anos esta neta, filla, curmá e sobriña, desaparece, non existe, ninguén sabe dela, ninguén quere ter noticias dela.

O fío da historia corre a cargo de Fernando, curmán de Concha, que, cargado dun certo complexo de culpabilidade, decide arriscarse e tentar esclarecer o acontecido con Concha, aquela curmá que el recorda como unha adolescente rebelde, de personalidade forte e que rexeita os modelos sociais da época. O narrador lévanos sen descanso e con moitas doses de intriga á reconstrución desta saga familiar até chegar á fin cun desenlace da historia explosivo.

Se Fernando é o principal personaxe masculino, en Faneca Brava son moi atractivas os personaxes femeninos, destacando pola súa forza, e tamén polo que representa, a avoa da saga, Mamá Carme, que decide ocultar os feitos que mancharían o bo nome dos Pereira, aínda que iso supoña converter a súa neta na "ovella negra" da familia que todos teñen que rexeitar.

A vida desta "ovella negra" fai que Manuel Portas elixa tres lugares para ubicar a historia: unha vila de Arousa, Barcelona e Compostela. Regálanos os aromas e olores de Arousa, o ambiente urbano de Barcelona e a vida cultural de Compostela. Un paseo pola inquietante vida de "Faneca Brava".

Lidia Vicente

SAUDEGALIZANDO:
Poliomielite e Síndrome Post-Polio. Secuelas

Dr. José Mª Dios Diz
Vicente Abelleira Cambeiro

É unha enfermidade contaxiosa, tamén chamada "parálise infantil". Afecta sobre todo ao Sistema Nervioso Central (SNC). Prodúcese polo Poliovirus, localizado no tracto gastrointestinal.As persoas que contraen a enfermidade son principalmente nen@s, entre cinco e dez anos. É transmitida de persoa a persoa a través de secrecións respiratorias ou por vía fecal-oral. As infeccións por Polio son asintomáticas. Só o 1% dos casos, o virus entra no SNC, a través da corrente sanguínea. Dentro do SNC, preferentemente o Poliovirus infecta e destrúe neuronas motoras. Esta destrución, provoca debilidade muscular e *parálise flácida aguda*. A enfermidade foi descrita por primeira vez polo alemán Jakob Heine en 1840. A poliomielite é máis probable de ocorrer en nen@s de 4 a 15 anos, en climas temperados no verán e de invernos pouco fríos. É unha enfermidade altamente contaxiosa. Na súa forma máis aguda, provoca inflamación nas neuronas da medula espiñal e o cerebro, que leva á parálise, atrofia muscular, e moitas veces deformidade. Nos casos máis graves, pode causar parálise permanente, ou morte por parálise do diafragma (músculo da respiración).O 24 de outubro é o "Día Mundial contra a Poliomielite". En 1954 usouse por primeira vez a "vacina de Salk", por inxección. En 1964, foi autorizada outra vacina, que fora desenvolvida por Albert Bruce Sabin. Chamouse "trivalente" porque ataca a tres tipos de virus. Administrase por vía oral. O último caso de Polio ocorreu en Turquía en novembro de 1998. En xuño de 2002, a OMS declarou Europa "zona libre de polio"; di que é "a maior conquista do milenio, para a saúde pública". Abarcaba 870 millóns de persoas. En áreas endémicas, o Poliovirus Salvaxe, pode infectar practicamente toda a poboación humana. O tempo entre a primeira exposición, e a aparición dos síntomas, coñecido como o "período de incubación" adoita ser de 6 a 20 días, cunha separación máxima de 3-35 días. As partículas de virus son excretadas nas feces, ata varias semanas despois da infección inicial. A enfermidade é transmitida sobre todo pola vía fecal-oral, a través da inxestión de alimentos ou auga contaminados. Ás veces, transmítese a través da vía oral, bucal, especialmente visibles en zonas cunha boa hixiene e saneamento. O virus infeccioso éo entre 7-10 días antes, e 7 a 10 días despois do inicio dos síntomas, pero a transmisión é posible sempre que o virus permanece na saliva ou nas feces. Durante a infección activa, o virus entra no corpo a través da boca. O primeiro que infecta son células en contacto coa gorxa e a mucosa intestinal. A presenza do virus no sangue, coñecida como "viremia", permítelle ser amplamente distribuído por todo o organismo. A Polio afectou a moitas persoas en España, ata 1976, ano no que, coa extensión da vacina, comezou a erradicarse. Na actualidade, as persoas con secuelas de Polio, son case 300.000.A ***Síndrome Post-Polio*** (SPP) é unha condición que afecta @s sobreviventes da Polio. Preto do 20 ao 40% das persoas que se recuperan de Poliomielite, máis tarde, desenvolven SPP. O inicio do SPP, pode ocorrer entre 10 a 40 anos, despois do ataque inicial da Poliomielite. Pode progresar lentamente ata dez anos. En 1875, CHARCOT (médico francés, un dos fundadores da Neuroloxía moderna) informou por primeira vez sobre a crecente parálise dun home que padecera Poliomielite na súa infancia. A incidencia da SPP (denominada tamén "efectos tardíos da polio", "atrofia muscular postpolio"

e "atrofia neuromuscular postpoliomielítica"), está entre o 20-80%, e aparece entre 25 a 40 anos despois do ataque do virus. Non se descarta que poida aparecer antes ou despois destes anos. A SPP, pode presentarse tras unha caída, un período de repouso, por un accidente leve, ou coa aparición doutros problemas médicos. @s afectad@s pasan por unha auténtica odisea, para obter o diagnóstico real; isto no mellor dos casos, e pode levar anos de visitas médicas, a distintos especialistas, sen conquerir unha explicación aos síntomas. A sintomatoloxía da SPP é múltiple, e pode ser de dous tipos: o tipo ósteo-muscular (dor muscular e nas articulacións) e o tipo atrofia muscular post-poliomielítica. Aínda que esta división se observa nos casos máis extremos, a maioría d@s afectad@s padece unha combinación de ambos tipos. Aparecen de forma progesiva: dor muscular. Dor nas articulacións. Perda do equilibrio, caídas frecuentes. Osteoporose (fraxilidade dos ósos). Debilidade nos músculos afectados e non afectados. Cansanzo e fatiga anormais. Problemas respiratorios. Disfaxia (dificultade ao tragar). Pouca resistencia ao estrés. Dificultade na capacidade de concentración e memoria. Intolerancia ao frío. Problemas circulatorios. Problemas intestinais e de incontinencia urinaria. Disfunción sexual. Estes síntomas, fan que @ afectad@ note gran dificultade para realizar tarefas que antes facía sen esforzo e agrave a súa discapacidade, e non pola idade, en persoas con 40 ou 50 anos, pois o deterioro neuronal comeza cara aos 60 anos. Na actualidade, non existe un tratamento curativo para @s pacientes de Síndrome Postpolio. Os obxetivos fundamentais do tratamento deben estar encamiñados a mellorar as manifestacións clínicas, manter a capacidade funcional e a calidade de vida, mediante un programa adaptado a cada persoa. Polo xeral, @s afectad@s destas patoloxías non reciben a asistencia axeitada. En primeiro lugar, o diagnóstico retrásase durante anos, nos cales son derivados a diferentes especialistas, realizándolles innumerables probas, e ademais é un proceso moi custoso, non só en térmos económicos, senón esgotador para @ paciente, que se encontra desorientad@. Urxe poñer en marcha o "Plan de atención para @s enferm@s afect@s de Síndrome Postpolio". A "Asociación de Afectados de Polio y Síndrome Post-Polio" ten presentado unha "querela criminal" contra o Ministerio de Sanidad y Consumo. Sendo unha enfermidade case esquecida, non debemos pasar por alto que afecta a persoas, que precisan unha pronta atención, así como unha dedicación especial, para poder desenvolver unha vida de calidade e o máis "normal" posible. Aquí deixamos varias páxinas web, que poden ampliar a información.

http://www.postpolioinfor.org/
http://www.postpoliomadrid.org/
http://www.appcat.org/
http://redpacientes.com/wall/9901
http://postpolio.blogspot.es/
ACOGAMI, tamén ten a súa revista trimestral.

San Orente: terra de músicos
Homenaxe a Os Airiños de San Campio

Sol A.

No ano 1987 unha pequena charanga formada por cinco músicos maiores, xa xubilados algúns deles, ten o privilexio de formar parte do elenco dun dos clásicos do cine español, aparecendo en dúas das escenas da película Divinas Palabras, galardoada con cinco Goyas e premiada no festival de Venecia dese mesmo ano. A película estaba dirixida por José Luis García Sanchez e protagonizada por consagrados actores e actrices da escena española e outros non tan coñecidos naquel momento e que despois terían grande renome, entre outros: Ana Belén, Juan Echanove, Inmanol Arias, Aurora Bautista ou Paco Rabal. A música da película correu a cargo do grupo "Milladoiro", agás na escena na que tocan eles, que interpretan a súa propia peza.

Esta charanga, da que algúns, a xente máis nova sobre todo, non ten recordo ningún, eran os "Airiños de San Campio", unha formación que nace a primeiros dos anos 70 e que forma parte dunha histórica tradición musical na parroquia de San Orente, e de gran parte do concello de Outes.

A comezos do século XX a educación na parroquia de San Orente recibíase nas escolas "de a peso" (que era o salario que se lle daba ao mestre por cada neno), había unha en Canizos, na casa do Coxo, outra en Quintenla, onde Busto era o mestre, e tamén outra na Poza, no salón do Paxariño. Despois da guerra civil chegaron as escolas nacionais, en San Orente había unha no Cruceiro, outra na de Chico da Poza e outra en Vilar, pero a calidade da ensinanza era moi mala pois para ser mestre influía máis o achegamento ao réxime que os coñecementos demostrados, polo que as familias que podían seguían mandando os rapaces á escola de pago, indo á nacional, maiormente, as rapazas. Tanto é así que había un dito popular moi estendido que se dicía do que era listo: "ese foi á escola de peso". A idade escolar remataba normalmente aos 11 ou 12 anos para as rapazas, pero moitos rapaces continuaban estudando música na academia polas noites. O estudo da música supoñía unha continuación dos estudos e era, ademais, unha maneira de poder saír da casa, facer algúns cartos e tamén, posiblemente, mudar de categoría social porque pagar a academia e o instrumento era moi caro e non todas as familias podían custealo.

Xa naquel tempo, probablemente desde antes, existían en San Orente ata tres academias de música: en Banzas, na Poza na casa de Orente, e na Seara a do Ruso. Aínda hoxe algúns dos máis maiores da parroquia recordan a Banda do Ruso; o seu director, Manuel do Ruso dos Muíños, ensaiaba a un gran número de rapaces que despois tocaban en regueifas e fiadas, sendo famosas as do Mesón, na casa do Ramón do Xastre, fronte á igrexa parroquial; no baixo do mesón, onde había taberna e cuartos de hóspedes, tamén se facían as fiadas unha noite á semana e eran horas de mocear e bailar coa música da banda.

Durante o tempo da guerra civil a banda desfíxose e ata a música deixou de soar, pero ao rematar a contenda un novo director xuntou a formación: Salvador da Busanteira, nado na Serra e casado para o lugar da Costa, chegou a ter unha formación de máis de corenta músicos de todo o concello. Ían camiñando ata Cee, a Fisterra ou a onde os chamasen porque eran unha banda de moita sona.

Despois de que morreu Salvador quedou de director o Meira de Boel (familia de músicos: seu curmán foi dos que creou a París de Noia); pero a emigración levouno para Suíza e, aproximadamente nos anos 50, comezou o auxe das charangas e pouco despois o das orquestras e a banda desfíxose.

É nesta banda de Salvador na que tocaban ata catro dos

compoñentes dos Airiños de San Campio: Ramón tocaba os platillos, Enrique o saxofón, Avelino o clarinete e Pepe o bombardino. A idea de deixar a banda e facer unha charanga xurdiu de Pepe Nieto (O Chirulo) e de Enrique do Marquiño, os dous traballaban na fábrica da Cepa, onde Salvador da Busanteira, o director da banda, era o oficinista. Segundo Pepe, o que os moveu a montar unha charanga foi máis ben unha cuestión económica e de mobilidade que unha cuestión de formación musical. Contaban, como así foi, con que a charanga lles permitise chegar a máis festas, a máis lonxe e que lles deixase máis a gañar, porque a ganancia da banda daba para pouco a repartir entre tantos compoñentes. E o nome, segundo el conta, foi idea de Pepe, que era ademais o seu portador alí por onde ían, xa que o levaba rotulado no seu bombo: "OS AIRIÑOS DE S. CAMPIO SIERRADE OUTES".

A primeira formación da charanga estaba composta por catro homes de San Orente: Ramón do Baleixo á caixa, seu irmán Enrique do Marquiño coa gaita, Gerardo de Orente da Poza co saxofón e Pepe do Chirulo dos Cruceiros co bombo e platillos; e un da parroquia de Outes, Avelino da Xesta co clarinete.

A fichaxe do músico da Poza, outorgoulles un coñecemento máis achegado ao que eran as charangas, xa que Gerardo tocaba daquela nos Breas de Esteiro, que xa levaban un tempo tocando. A formación musical de Gerardo de Orente, ademais, era especialmente boa, fillo e neto de músicos (o seu pai fora o mestre da academia de música da Poza), dominaba varios instrumentos: a gaita, o saxofón, o clarinete, a ocarina e incluso tocaba a folla de hedra; era o que máis sabía de música, ata compoñía, pero como era un home moi especial, sempre atemorizado, un pouco filósofo, un tipo xenio que vivía nun mundo especial alleo ao terreal, deulle por pensar que podía ser denunciado polos verdadeiros compositores, polo que só fixo unha peza que tocaban os Airiños, e aínda que se sabe que compuxo máis nunca deixou que as tocaran en público e desgraciadamente toda a súa obra se perdeu con el.

Despois do pasamento de Ramón en 1981, incorporouse á formación Rogelio de Catasueiro tocando a caixa, este veciño do Freixo era tamén fillo dun gran músico e artesán gaiteiro, dos Rúas de Cambeiro.

Os ensaios do grupo, aproximadamente dúas veces á semana, e máis a miúdo cando había actuación cerca, realizábanse nun lugar singular, canto menos, na de Inocencia de Berres, no taller que eles tiñan para facer as caixas de defuntos. Alí había un espazo grande no que lles deixaban tocar ata gardar os instrumentos e seguro que non molestaban a ninguén.

A charanga os Airiños de San Campio podía ser unha charanga coma as outras, con máis ou menos éxito nas romarías da contorna, pero un feito casual fixo que chegasen ao cine, á radio, á televisión e incluso ao teatro.

O seu golpe de sorte xurdiu un día da man de Kinkolo de Don Pepe, un veciño de San Orente que era o representante da Coca-Cola para toda a provincia da Coruña. Organizou un xantar para clientes e amigos en Santiago e levou os Airiños de San Campio de fin de festa. A comilona fíxose no restaurante Alameda, e alí, tomando un viño na barra, estaba Xosé Lois Bernal, o famoso "Farruco", un humorista moi coñecido en Santiago e na contorna e que máis tarde, e máis maior, fixo cine e series televisivas con diferentes rexistro ademais do humorístico. Farruco di que o primeiro que lle espertaron os Airiños de San Campio foi tenrura, eran cinco homes entrados en anos que tocaban igual unha peza tradicional cun saber de músicos de raza que unha peza de actualidade na televisión como eran os "Pajaritos" dos anos oitenta. Así foi como el quedou tan asombrado con aquel quinteto, e entrou en tan boa sintonía con eles, que os comezou a chamar para que actuasen nas festas ás que el ía, incluso llos recomendou a Gerardo Estévez, daquela alcalde de Santiago, para que os contratase para as festas do Apóstolo e da Ascensión; ata para a cabalgata do Entroido os chamou algún ano. E grazas a Farruco foi como chegaron a participar en Divinas Palabras no ano 1987, onde el

tamén tiña un pequeno papel. E máis tarde, no ano 1991, creou un espectáculo con monólogos de humor, Catro por Un, nos que incluíu aos Airiños de San Campio, e actuaron no Teatro Principal de Santiago, onde foron aclamados en todas as representacións por un ateigado auditorio. Despois do seu paso polo cine un tal Xosé Ramón Gayoso, agora coñecidísimo presentador do Luar da RTVG, invitounos a tocar no seu programa de entrevistas "O veciño do xoves", onde interpretaron ao completo catro pasodobles; iso foi polo ano 1988, cando aparecer na televisión non era empresa tan sinxela como é agora. Tamén actuaron no Centro Territorial da Televisión Española, co presentador Xoán Barro.

Pero os Airiños de San Campio son recordados por moita xente maior de cincuenta anos por ser unha charanga festeira que levaba a música a romarías de toda Galicia: á Guadalupe de Rianxo, á feira do queixo de Arzúa, a Silleda, á festa do viño de Cambados, á Pascua de Padrón, ao Grove, ao Xirimbao a Teo, por nomear algúns sitios, e por todas as parroquias do noso concello e das dos de arredor.

Este 8 de setembro pasado a asociación Xente de San Orente celebrou unha homenaxe a esta querida agrupación do concello de Outes. A celebración consistiu nun xantar con polbo e churrasco para cen persoas; entre as que mercaron as súas entradas para participar neste acto estaban tamén algúns invitados pola asociación: familiares dos membros do grupo xa falecidos, Xosé Lois Bernal (Farruco), o

Pílulas do Lcdo. Añón: á venda só en farmacias (III)

Ramón Blanco

Tras a consulta, unha aclaración

O compañeiro Mingucho Campos publicara unha desas fermosas evocacións históricas ás que nos ten afeitos, no nº 22 desta revista (páxs. 4-5), sobre Francisco Sacido Arestiño (1839-1900), boticario do Rego (Entíns): "que foi titular, naqueles tempos, da única botica daquela época ubicada entre Santiago e Corcubión, segundo manifestan os seus descendentes", dinos. A lectora fiel e aplicada quizais reparase en que no seguinte número de *Terra de Outes* nosoutros prescribiamos unha nova pílula onde dabamos noticia do boticario noiés Eugenio Busto Lamas: "Da primeira promoción de estudantes de Farmacia na Universidade de Santiago de Compostela, titulouse en 1862, aos vinte e cinco anos, e foi a terceira xeración ao cargo do negocio; a segunda botica civil máis antiga de Galiza, xa que data polo menos de 1750". Por medo a quedar daquela sen suficiente espazo na páxina, preferimos deixar para agora o contraste de datos e ver de buscar unha posíbel explicación a estas informacións en apariencia contraditorias, isto é: como podía ser a do Rego a única botica se xa existía a de Busto? A fonte que nós manexabamos era unha noticia tirada da sección barbanzá de La Voz de Galicia do 25 de agosto de 2009: "Más de dos siglos recetando remedios y haciendo pomadas", por Vanessa Lagares (http://www.lavozdegalicia.es/barbanza/2009/08/25/0003_7927015.htm). Supoñemos que Antonio Busto, informante da xornalista, teña soporte documental. Tras consultar con Mingucho Campos o tema, consideramos as seguintes hipóteses: a) Os informantes de Mingucho, "distantes descendentes" do boticario do Rego, independentemente do apoio documental que poidan ter, descoñecen, como é comprensíbel, a existencia previa da farmacia de Busto. b) A de Busto, que xa era a segunda botica civil máis antiga de Galiza, puido ser tamén a primeira farmacia da contorna, ao ser Eugenio Busto da primeira promoción de farmacéuticos titulados. Deste xeito a de Francisco Sacido ("...decidida aplicación aos estudos da carreira de boticario. Tan só en dous anos vaise converter no primeiro boticario da Serra".) sería botica, de medicamentos máis rudimentarios? Non sabemos se existía esa especialización diferenciada. c) A de Entíns era a única entre Santiago e Corcubión se se deixa Noia á parte, nun trazado en liña recta, ou mesmo atendendo ás vías terrestres da época, ficando Outes afastado polo Tambre (agás na Ponte Nafonso) e unido a Compostela polas terras de Negreira. Para profundar na opción a) ou c) habería que comezar polos datos que manexen os descendentes de Francisco Sacido. A b) talvez podería dilucidarse nalgún libro sobre historia farmacéutica en Galicia, que seguro tería que incluír entre os seus distantes ascendentes aquela botica do alfaquí xudeu co que razoa o mago Merlín sobre o dogma da Inmaculada Concepción (!!), segundo recolle a composición 108, coas correspondentes miniaturas (unha das cales serve para ilustrar este artigo), das *Cantigas de Santa María*. Mais non estaba na nosa intención nin capacidade datar boticas, senón expoñer feitos que as relacionen co poeta Añón, como faremos a continuación e en vindeiros artigos.

Directorio de farmacias

No centro urbano da Serra de Outes hai tres farmacias, as cales podemos unir cunha liña imaxinaria que pasa sempre por Francisco Añón: a) O busto do poeta mira de fronte a de Deolinda, sobriña do Dr. Manuel Esperante. Segundo unha crónica de 1935 no periódico *A Nosa Terra*, despois do acto da descuberta da placa na casa natal de Añón, celebrouse un xantar na casa do médico señor Esperante (*vid.* "Casa de Añón en Boel", Xoán X. Mariño, nº 6 de *Terra de Outes*, 2009). b) Na rúa Doutor Esperante está a de Arce. c) Na rúa Poeta Añón ubícase a de Filloy (nunha fermosa casa construída en 1939; popularmente coñecida como "Farmacia de arriba"). Xunto coa do Freixo, son as farmacias que nos quedan.

***

Depuradora de Mariscos
RAMAIS
O Freixo - OUTES
Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92